



*PREGO DE CONDICIÓN PARA A CONCESIÓN E
USO DA MARCA DE GARANTÍA GALICIA
CALIDADE PARA O PORCO CELTA
IDENTIFICADO CO LOGOTIPO "RAZA
AUTÓCTONA"*

Código: DN-02-15-09
Data: 11-07-2023
Revisión: 1

HITORIAL DE CAMBIOS		
REV.	Apdo. modificado	Cambio
1	-----	Documento novo

CAPÍTULO I XENERALIDADES.....	2
Artigo 0. Antecedentes.....	2
Artigo 1. Obxecto.....	2
Artigo 2. Alcance.....	2
Artigo 3. Definición.....	2
CAPÍTULO II REQUISITOS.....	3
Artigo 4. Persoas autorizadas.....	3
Artigo 5. Produtos autorizados.....	3
CAPÍTULO III FABRICACIÓN.....	3
Artigo 6. Produción.....	3
Artigo 7. Condicións de cría, sacrificio, despece, elaboración.....	4
Artigo 8. Produción cárnica.....	4
CAPÍTULO IV ESQUEMA DE CERTIFICACIÓN.....	4
Artigo 9. – Trazabilidade.....	4
Artigo 10. – Sistema de verificación pola asociación.....	5
Artigo 11. – Uso da marca de garantía.....	5
CAPÍTULO V. CONTROL POR GALICIA CALIDADE, S.A.U.....	5
Artigo 12. - Control.....	5
CAPÍTULO VI. NORMAS DE REFERENCIA.....	6
Artigo 13. – Normas de referencia.....	6

ELABORADO E REVISADO	APROBADO
ASINADO: José Javier de Miguel Glez.	ASINADO: Ana Méndez Gil
CARGO: director técnico	CARGO: directora xerente
Sinatura electrónica	Sinatura electrónica





*PREGO DE CONDICIÓN S PARA A CONCESIÓN E
USO DA MARCA DE GARANTÍA GALICIA
CALIDADE PARA O PORCO CELTA
IDENTIFICADO CO LOGOTIPO "RAZA
AUTÓCTONA"*

Código:
DN-02-15-09

Data:
11-07-2023

Revisión:
1

CAPÍTULO I XENERALIDADES

Artigo 0. Antecedentes

A Asociación de Criadores da Raza Porcina Celta (ASOPORCEL) é a asociación á quen ten cedido o uso do logotipo "Raza Autóctona" polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente (RD 505/2013) para distinguir os produtos da especie porcina de raza Porco Celta.

Galicia Calidade, S.A.U. asinou un convenio de colaboración con ASOPORCEL, para promover o amparo pola marca de garantía Galicia Calidade (GC), dos produtos amparados polo logotipo "Raza Autóctona 100% Porco Celta" polos operadores autorizados por ASOPORCEL.

Artigo 1. Obxecto.

O obxecto do presente Prego de Condicións é o de establecer os requisitos que deberá cumprir a produción porcina de raza Porco Celta para o seu recoñecemento e amparo pola marca de garantía Galicia Calidade.

Artigo 2. Alcance.

O contido do presente Prego de Condicións afecta ao produto Porco Celta, na produción primaria, incluída a reprodución, a transformación e comercialización.

Artigo 3. Definicións

- Logotipo de raza autóctona: o previsto no anexo I do Real Decreto 505/2013, no caso da marca por especies irá acompañado do nome da raza tal como denomínase no Catálogo oficial de razas de gando de España.
- Prego de condicións do Logotipo Raza Autóctona: conxunto de condicións establecidas por unha asociación de criadores para o uso do Logotipo Raza Autóctona nos produtos amparados pola raza correspondente.
- Operadores: persoas físicas, persoas xurídicas e entes sen personalidade xurídica, con ou sen ánimo de lucro, que de conformidade coas asociacións oficialmente recoñecidas para as distintas razas comprométanse a cumprir o prego de condicións aprobado para o uso de logotipo nesa raza.
- Titular do prego: a asociación de criadores de animais de razas autóctonas oficialmente recoñecidas.
- Lote de animais: aos efectos da trazabilidade, un lote de animais son aqueles que van a sacrificio dende a mesma granxa, ao mesmo matadoiro na mesma data.
- Produtos de razas autóctonas. Aqueles produtos de orixe animal cuxos proxenitores estean inscritos no Libro Xenealóxico dunha raza autóctona recoñecida como tal no Catálogo oficial de razas de gando de España. Ambos os proxenitores deberán pertencer á mesma raza.
- Lote de produtos: os distintos produtos elaborados a partir do mesmo lote de animais, na mesma data.





GALICIA
CALIDADE

PREGO DE CONDICIÓN S PARA A CONCESIÓN E
USO DA MARCA DE GARANTÍA GALICIA
CALIDADE PARA O PORCO CELTA
IDENTIFICADO CO LOGOTIPO "RAZA
AUTÓCTONA"

Código:
DN-02-15-09

Data:
11-07-2023

Revisión:
1

- Producción primaria: Explotación s gandeiras de nacemento, cría e cebo de animais da especie porcina de raza Porco Celta (aos efectos deste prego de condición s).
- Transformación: Matadoiros, salas de despece, industrias elaboradoras e en xeral calquera establecemento admitido pola lexislación vixente no que se realice o sacrificio, despece, envasado, elaboración, transformación e embalado de produtos da raza.
- Comercialización: Puntos de venta, estes poderán ser oficinas de despacho das propias salas de despece e elaboración autorizadas, ou clientes destas. Ou ben, aqueles establecementos que solicite o alta para a venda de produtos ao detalle. Poderanse incluír locais de restauración onde se realice o consumo de produtos da raza.
- Porco Celta: é o porco que reúne, aos efectos deste prego de condición s, os requisitos establecidos no *Prego de condición s para o uso do logotipo "Raza Autóctona"* nos produtos da especie porcina de raza Porco Celta.

O Prego de condición s para o uso do logotipo "Raza Autóctona" nos produtos da especie porcina de raza Porco Celta encontrase aloxado na páxina:

https://www.asoporcel.es/wp-content/uploads/2020/05/PREGO-LOGOTIPO-100x100_2020.pdf

CAPÍTULO II REQUISITOS

Artigo 4. Persoas autorizadas

Os licenzatarios da marca de garantía Galicia Calidade poderán ser as persoas naturais ou xurídicas, asociadas de ASOPORCEL, ou operadores autorizados por esta, nas condición s sinaladas neste prego de condición s.

Artigo 5. Produtos autorizados

É condición necesaria para o amparo dos produtos de Porco Celta pola marca de garantía Galicia Calidade que o produto ostente o logotipo "Raza Autóctona 100% Porco Celta" cumprindo o seu Prego de condición s e as disposición s aplicables.

Tamén será necesaria para o amparo do produto cárnico "Lacón", estar amparado baixo a IXP Lacón Gallego.

CAPÍTULO III FABRICACIÓN

Artigo 6. Producción

As granxas de reprodución, cebo, ou de ámbalas actividades, estarán situadas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Estas explotación s serán conformes á lexislación vixente, e en particular ás condición s relativas ao benestar animal, alimentación, etc., indicadas no prego de condición s da raza autóctona.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
ECONOMÍA, INDUSTRIA
E INNOVACIÓN





*PREGO DE CONDICIÓN S PARA A CONCESIÓN E
USO DA MARCA DE GARANTÍA GALICIA
CALIDADE PARA O PORCO CELTA
IDENTIFICADO CO LOGOTIPO "RAZA
AUTÓCTONA"*

Código: DN-02-15-09
Data: 11-07-2023
Revisión: 1

Artigo 7. Condición s de cría, sacrificio, despece, elaboración

Os requisitos para o sacrificio, matadoiros, salas de despece, e elaboración e puntos de venda, serán as indicadas no prego de condición s da raza autóctona (Apartado 4.1).

Artigo 8. Producción cárnica

Quedarán baixo o amparo e identificadas co Logotipo Raza Autóctona 100% e Galicia Calidade, de xeito exclusivo, nas canais, despeces, produtos elaborados e/ou precociñados que procedan de animais:

- Inscritos no Libro Xenealóxico da Raza Porco Celta
 - As ganderías deberán cumprir a regulamentación específica do Libro Xenealóxico e o Programa de Conservación da Raza.
 - Nados e criados na C.A. de Galicia e zonas autorizadas por ASOPORCEL.
 - Que cumpran coas condición s estipuladas no prego de condición s da raza autóctona
1. Requisitos dos porcos:
 - Machos castrados antes de entrar en período de cebo
 - As femias non poderán estar en celo ou período de xestación no momento do sacrificio
 - Establecese a seguinte clasificación:
 - Leitón: dende o nacemento até o destete (entre 21 e 90 días).
 - Porquiño ("Cochinillo" destetado): porquiño non lactante de até 16 semanas de idade.
 - Cebo: porco de máis de 16 semanas até o sacrificio (até 18 meses).
 - Porca maior: porca dedicada á reprodución nalgún momento da súa vida produtiva.
 2. Transformación:

Os requisitos establecidos para a curación de xamóns e paletas, e da elaboración dos produtos serán os establecidos no prego de condición s da raza autóctona (Apartado 4.2)

CAPÍTULO IV ESQUEMA DE CERTIFICACIÓN

Artigo 9. – Trazabilidade

Implantarase un sistema de trazabilidade que acade todo o sistema produtivo, dende a produción primaria ata a comercialización dos produtos. Este sistema de trazabilidade será conforme aos requisitos establecidos no apartado 5 do prego de condición s da raza autóctona.

Os rexistros de trazabilidade estarán a disposición de Galicia Calidade para a verificación por parte de esta do correcto cumprimento dos requisitos establecidos neste prego de condición s.





*PREGO DE CONDICIÓN S PARA A CONCESIÓN E
USO DA MARCA DE GARANTÍA GALICIA
CALIDADE PARA O PORCO CELTA
IDENTIFICADO CO LOGOTIPO "RAZA
AUTÓCTONA"*

Código: DN-02-15-09
Data: 11-07-2023
Revisión: 1

Artigo 10. – Sistema de verificación pola asociación

ASOPORCEL terá establecido un sistema de autocontrol para a comprobación do cumprimento do prego de condicións da raza autóctona, do presente prego de condicións e demais normas complementarias (Apartado 6 do prego de condicións da raza autóctona).

O control abranguerá ao menos á:

- Inspección nas explotacións
- Inspección nos matadoiros
- Inspeccións en industrias elaboradoras, transformadoras, puntos de venda e locais de restauración.

Os rexistros das verificacións realizadas, análises, etc., estarán a disposición de Galicia Calidade, cando esta os requira para comprobar o correcto funcionamento do esquema de certificación.

Artigo 11. – Uso da marca de garantía

A marca de garantía Galicia Calidade acompañará ao logotipo "Raza Autóctona 100% Porco Celta" nos produtos certificados, sen prexuízo doutras marcas que identifiquen ao operador autorizado.

A marca de garantía Galicia Calidade irá asociada ao logotipo "Raza Autóctona 100% Porco Celta", conforme aos requisitos indicados no DN-03-01 Regras para o emprego da marca de garantía Galicia Calidade.

CAPÍTULO V. CONTROL POR GALICIA CALIDADE, S.A.U.

Artigo 12. - Control

- Galicia Calidade, S.A.U., establecerá un control externo, efectuado de modo periódico por auditoría, complementado se fose o caso por inspeccións e ensaios. Para comprobar o correcto mantemento do esquema de certificación definido no Capítulo IV. iso poderase designar unha entidade externa para a devandita realización.

Galicia Calidade, S.A.U., como titular da marca de garantía, verificará a eficacia dos controis realizados pola cesionaria do logotipo da raza autóctona, ou seu órgano de control designado, para iso deberá poñer a disposición de Galicia Calidade, S.A.U., cando así o requira:

- Os informes das inspeccións, análises e auditorías realizadas.
- Os rexistros dos controis e trazabilidade realizados nas distintas fases.
- Informar das altas, baixas, e revogacións das licenzas de uso do logotipo de raza autóctona
- Calquera outra información que resulte pertinente para a xestión da marca de garantía





*PREGO DE CONDICIÓN S PARA A CONCESIÓN E
USO DA MARCA DE GARANTÍA GALICIA
CALIDADE PARA O PORCO CELTA
IDENTIFICADO CO LOGOTIPO "RAZA
AUTÓCTONA"*

Código: DN-02-15-09
Data: 11-07-2023
Revisión: 1

Galicia Calidade auditará o proceso de control e autorización do logotipo da raza autóctona, e poderá realizar controis e auditorías nas instalacións das empresas licenzatarias.

O incumprimento non resolto dos requisitos expresados non presente Prego de Condicións, poderá supoñer a retirada ou a suspensión da autorización de uso da marca de garantía GALICIA CALIDADE.

CAPÍTULO VI. NORMAS DE REFERENCIA

Artigo 13. – Normas de referencia

Para a redacción do presente Prego de Condicións tivéronse en conta os contidos e definicións contidas nas seguintes normas:

- Real Decreto 505/2013, de 28 de xuño, polo que se regula o uso do logotipo "Raza Autóctona" nos produtos de orixe animal.
- Prego de condicións para o uso do logotipo "Raza Autóctona" nos produtos da especie porcina de raza Porco Celta.

